



Deputación
DA CORUÑA

Nº 48
06/06/2018

Boletín de Medio Ambiente



Praia de O Reiro

Concello: Arteixo

Características: trátase dunha praia cunha forte ondada e bastante ventosa, de ahí que habitualmente estea pouco concorrida en época estival.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, acceso para minusválidos, e aparcamento. Tamén de establecementos de comida e bebida nas proximidades. Conta cun fácil acceso a pé, en autobús interurbano e en coche.

Noticias

España é o país máis biodiverso da UE

España contribúe cun 18% á superficie da Rede Natura 2000, que constitúe o conxunto de áreas naturais máis extenso do mundo. Pero entre un 40% e o 60% das especies están catalogadas con algunha categoría de ameaza de extinción, e entre os factores causantes, como sinalan os expertos, pódense nomear o cambio do uso do chan, o abandono rural e a intensificación da agricultura.

Doutra banda, conseguíuse sacar dunha situación de perigo crítico de extinción a especies como o oso pardo, o lince ibérico, o quebrantahuesos e a aguiña imperial. As poboacións de osos na cordilleira Cantábrica pasaron duns 60 ou 70 exemplares hai dúas décadas a preto de 300 na actualidade.

Fonte: ABC

Un lince ibérico en Barcelona

Técnicos do corpo de *Agents Rurals* da Generalitat de Catalunya observaron e fotografaron o pasado 29 de maio a un lince ibérico nunha zona boscosa próxima a Barcelona.

Os responsables do proxecto Iberlince, determinaron que o exemplar observado é coñecido co nome de Litio, un macho nado no centro de reprodución en cativeiro do Acebuche (Huelva), liberado en 2015 en Portugal, e capturado de novo en maio de 2016, tras observar carencias na súa adaptación ao medio. O lince foi dado por desaparecido hai 19 meses cando deixou de funcionar o seu colar GPS. Agora os técnicos deben avaliar si o animal pode volver ser liberado na mesma zona de Portugal, pois é a segunda vez que se escapa deste lugar.

Fonte: La Vanguardia

Como se constrúe unha cidade verde?

Os altos niveis de contaminación atmosférica, os problemas na xestión da auga ou a presenza de especies invasoras foron as razóns que levaron a algunhas cidades do mundo a pasar de urbes grises a referentes en políticas públicas verdes, como as cidades que se mencionan a continuación.

París ten un grave problema de polución, polo que, ademais de limitar o uso de vehículos contaminantes e fomentar os transportes alternativos, expúxose crear máis xardíns, hortos e espazos verdes, moitos deles nas azoteas. Así, marcouse como obxectivo que no 2020 haxa 100 hectáreas de tellados, fachadas e muros destinados á agricultura urbana.

Vancouver creou a *Rain City Strategy*, un sistema co que pretende captar e tratar anualmente a 90% da auga procedente da choiva combinando os sistemas tradicionais con novas infraestruturas ecolóxicas.

A localidade británica de Peterborough, quere ser líder en economía circular. Expón o seu desenvolvemento como o dun organismo vivo, no que non deberían existir residuos e todo se retroalimenta: evitando o desperdicio alimentario implicando ás cadeas de supermercados e fomentando a economía colaborativa.

Entre as fronteiras nos que traballa Liubliana atópase o fomento dun transporte sustentable -con rede de bicicletas, centro peonalizado e vehículos eléctricos- a xestión de residuos -co obxectivo de tratar as $\frac{3}{4}$ partes dos refugallo no ano 2025- ou a ampliación das áreas verdes -os bosques de especies autóctonas ou os hortos urbanos-.

En Nova York púxose de moda a instalación de colmeas nas azoteas dos edificios, cuxas abellas se nutren das flores dos abundantes parques e xardíns, de todas as dimensións, que pintan de verde a megaurbe.

Fonte: La Voz de Galicia

Menos herbicidas e máis ovellas para cortar a herba dos parques das cidades

Roma estuda implantar unha técnica está a poñerse de moda en Europa porque é barata, eficiente e garante a fertilización natural das áreas verdes.

A clave está en retroceder no tempo. Así o contempla o consistorio de Roma que, seguindo o exemplo doutras cidades e municipios europeos, expónse agora usar rabaños de cabras e ovellas para cortar a herba dos seus parques.

Aseguran que é unha forma de aproveitar as 50.000 ovellas que se crían en Roma, unha oportunidade que din, evita o uso de maquinaria, reduce o ruído e as emisións da mesma, e garante a fertilización natural das áreas verdes.

Ademais, sosteñen que a iniciativa promove a actividade agrícola, o seu desenvolvemento e, en definitiva, abre un abanico de posibilidades a quen se dedican ao sector, tanto no ámbito público como no privado.

Fonte: La Vanguardia

Sabías que...

no Mar Mediterraneo, de cada cinco quilos de peixe hai un quilo de plástico. Se prevee que si non se toman medidas para combatelo, en 2030 a proporción será de 1 quilo de peixe por 1 quilo de plástico.

Os produtos de plástico dun só uso, cubertos, bastoncillos, botellas e pallias de plástico, representan o 70% de todo o lixo mariño. Todos estes desfanse co tempo en pequenos microplásticos que son confundidos e ingeridos por peixes, tartarugas e paxaros.

Boas Prácticas

Campana de Coca-Cola para limpar os mares

Coca-Cola poñerá en marcha este verán 'Mares Circulares', o seu maior plan de limpeza de costas e fondos mariños e polo que se compromete a limpar o 100% das reservas mariñas de España. Ao redor de 270 quilómetros de costa en 80 praias, e que contará coa colaboración de máis de 100 organismos de todo tipo.

O proxecto céntrase en primeiro lugar na intervención en reservas mariñas, praias e fondos mariños, na formación ambiental en colexios e prazas e nos estudos científicos ao redor da economía circular. Pretenden recoller 250 toneladas de residuos, das cales unhas 25 serán de plástico PET, que volverán á cadea de valor de Coca-Cola para trazar unha folla de roteiro cara a unha economía circular.

Fonte: Europapress

Nas oficinas do goberno de Escocia non se pode tomar café en vasos de plástico

O goberno escocés é consciente do grave prexuízo que provocan os recipientes de plástico desechables, así que, antes de pedirlle á súa poboación que deixe de usalos, decidiu predicar co exemplo: prohibiu o uso de vasos de plástico dun só uso para tomar café. Este cambio evitará que 450.000 vasos de plástico sexan refugados cada ano.

As bebidas quentes serviranse en cuncas de cerámica reutilizables nas cafeterías e comedores das oficinas e tamén se animou aos traballadores a traer as súas propias cuncas.

Fonte: La Vanguardia

A Deputación destina 300.000 euros para axudas a protectoras de animais e proxectos de medio ambiente.

Coincidindo coa celebración do Día Mundial do Medio Ambiente, a Deputación publicou onte no Boletín Oficial da Provincia a convocatoria de dúas novas liñas de axudas destinadas a protectoras de animais e proxectos de medio ambiente durante o ano 2018.

Cada unha destas liñas está dotada cun orzamento de 150.000 euros e as subvencións van desde os 3.000 aos 15.000 euros, en función dos criterios de baremación de cada programa.

Fonte: Deputación da Coruña

Axenda Ambiental

- 1/06/2018 – 10/06/2018 Desafío GreenFriday. Redes sociais, #DesafioGreenFriday.
- 7/06/2018 Posta en valor da marca da Reserva de Biosfera: unha ferramenta eficaz para lograr un desenvolvemento económico sostible. Oleiros.
- 8/06/2018 – Día Mundial dos Océanos
- 12/06/2018 – 16/06/2018 Semana da reciclaxe: Reutiliza, reduce, recicla! Madrid

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: medioambiente@dacoruna.gal